

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Subvencións e axudas

BASES DE SUBVENCIONS PROGRAMA INFRAVIVENDA MUNICIPAL

O Concello de Lalín convoca a concesión de axudas para paliar a problemática de infravivenda e para a mellora das habitabilidade de vivendas conforme ás bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de setembro de 2019:

BASES MUNICIPAIS DO PROGRAMA DE INFRAVIVENDA E PARA A MELLORA DA HABITABILIDADE

O artigo 47 da Constitución Española recolle como un dos dereitos dos/as españois o disfrute de unha vivenda digna e axeitada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito.

De acordo ao artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 12 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes.

O artigo 8 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, estipula que son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos as seguintes:

1. O estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención.
2. A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector



Martes, 24 de setembro de 2019

Núm. 183

público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Lalín convoca unha liña de subvencións destinadas a persoas físicas para a mellora da habitabilidade de vivendas de acordo coas seguintes:

BASES

1.- FINALIDADE E OBXECTO DA SUBVENCIÓN

1.1.- O obxecto de estas bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para paliar a problemática da infravivenda e, en consecuencia, para a mellora da habitabilidade de vivendas situadas no Concello de Lalín.

O Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana define, no seu artigo 2.2, unha infravivenda como a edificación, ou parte dela, destinada a vivenda, que non reúne as condicións mínimas esixidas de conformidade coa lexislación aplicable e, en todo caso, entenderase que non reúnen as ditas condicións as vivendas que presenten deficiencias graves nas súas dotacións e instalacións básicas.

1.2.-O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local modificada pola Lei 27/2013, de 12 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local; no Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así coma na Base 27 de Execución do Orzamento do Concello para o exercicio 2017, prorrogado para o exercicio 2019, e respectando o establecido no Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante.

1.3. – Despois da entrada en vigor da modificación de crédito : crédito extraordinario e suplemento de crédito aprobado polo Pleno do Concello de Lalín, na súa sesión do 29 de marzo do ano en curso, no orzamento municipal para o exercicio 2019 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións para o programa de infravivenda polo seguinte importe e con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Partida Orzamentaria	Importe
231.780.04	25.000 €

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:XOF34MUYX9CN9R1X



Martes, 24 de setembro de 2019

Núm. 183

2.- ACTIVIDADES E GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables as seguintes obras:

1. Actuacións en xeral:

- 1.1. Acabamentos de fachada.
- 1.2. Carpintería exterior.
- 1.3. Cubertas sen afección estrutural.

2. Habitabilidade:

- 2.1. Mellora no programa funcional das vivendas.
- 2.2. Mellora na funcionalidade das diferentes instalacións. En xeral, obras dirixidas a adecuar as condicións hixiénico – sanitarias.
- 2.3. Condicións de ventilación, iluminación e aireación. En xeral, acondicionamento higró – térmico, illamentos e estanquidade das vivenda.

3. Accesibilidade:

- 3.1. Adaptación da vivenda para uso de persoas con discapacidade e/ou dependencia.
- 3.2. Supresión de elementos.
- 3.3. Acabamentos interiores.

De acordo co artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións considéranse gastos subvencionables **aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios.**

En todas as actuacións seguirase a normativa técnica e urbanística en vigor e deberán de cumprir a normativa vixente en materia de habitabilidade e funcionalidade.

En ningún caso se concederán axudas para aquelas actuacións que requiran previa presentación de proxecto técnico conforme á normativa vixente.

NON se subvencionará o pago do imposto de construcións, instalacións e obras.

Serán subvencionables os gastos nos que incorra a persoa solicitante no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2019.

3.- REQUISITOS

3.1-Terán a consideración de beneficiarias da subvención as persoas físicas destinatarias dos fondos públicos que deben realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento e que se atopen na situación que lexitime a súa concesión.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:XOF34M7X9CN9R1X



Martes, 24 de setembro de 2019

Núm. 183

3.2 – Poderán solicitar as subvencións aquelas persoas físicas sempre que tanto o/a solicitante como a vivenda cumpran os seguintes requisitos na data de presentación de solicitudes:

- a) Que todos os membros da unidade de convivencia estean empadroados/as e teñan a súa residencia efectiva no Concello de Lalín. As persoas estranxeiras que residan no Concello de Lalín poderán beneficiarse desta subvención, sempre que o/a solicitante se atope en situación administrativa regular e cumpran as condicións da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, tendo ademais que reunir os demais requisitos establecidos nas presentes bases.
- b) Ser maior de idade ou estar emancipado/a legalmente.
- c) Que a vivenda para a que se solicita a axuda sexa primeira vivenda, estea situada no termo municipal de Lalín e sexa propiedade do/a solicitante, do/a seu/súa cónxuxe ou parella e/ou de algún familiar dos anteriores, sempre que quede debidamente xustificado que a vivenda constitúe a residencia única da persoa solicitante.
- d) Que a vivenda para a que se solicita a axuda teña a condición de infravivenda.
- e) Non ter resoltas por outras Administracións e/ou por outras entidades prestadoras de servizos sociais axudas que cubran a necesidade.
- f) Non ter pendentes de xustificar ningunha subvención nin axuda de inclusión social concedida polo Concello de Lalín.
- g) Non dispoñer a unidade de convivencia de ingresos económicos superiores ós que constan na base cuarta.
- h) Estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.

4.- REQUISITOS ECONÓMICOS

Segundo a disposición adicional centésima décima novena da Lei 6/2018, de 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, o IPREM para o presente exercicio queda fixado en 6.454,08 euros/anuais. En función desta contía, os ingresos económicos da unidade de convivencia **non poderán superar en máis de 2,5 veces o IPREM: 16.135,20 €.**

A renda da unidade de convivencia obterase sumando os ingresos do exercicio 2018. Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade de convivencia que será o resultado da agregación das rendas do exercicio 2018 de cada un dos membros da unidade de convivencia, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro. De este resultado restarase a cota líquida resultante de autoliquidación. O resultado obtido constituirá os ingresos totais anuais da unidade de convivencia.

Teranse en conta os ingresos de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, pensións alimenticias, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais...

Establécese un índice de ponderación en función do número de membros da unidade de convivencia. Enténdense por ingresos ponderados, os resultados de lles aplicar aos ingresos familiares o correspondente coeficiente de ponderación, segundo a seguinte fórmula:



Martes, 24 de setembro de 2019

Núm. 183

Ingresos familiares ponderados = ingresos familiares x coeficiente de ponderación

Aplicaranse os seguintes coeficientes de ponderación en función do número de membros da unidade de convivencia no momento de prestación da solicitude.

Membros da Unidade de Convivencia	Coeficiente de ponderación a aplicar	Límite Máximo
1	1	6.454,08 €
2	0'90	5.808,67 €
3-4	0'80	5.163,26 €
5-6	0'70	4.517,85 €
máis de 6	0'60	3.872,44 €

5.- DETERMINACIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

Considerase unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e se atopen vinculadas coa persoa solicitante por matrimonio ou relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo grao.

6.- NORMAS DE OUTORGAMENTO

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación. Terán carácter voluntario e eventual e non serán invocables como precedente.

7.- RÉXIME DE COMPATIBILIDADES

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as persoas beneficiarias doutras administracións públicas ou calquera outra entidade de natureza pública ou privada. O importe total da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

8.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que será a que lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto.

8.2. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

8.3. As solicitudes de subvención deberán de ser presentadas, preferiblemente, a través do Rexistro Electrónico do Concello de Lalín. Igualmente serán admitidas aquelas solicitudes presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Lalín ou ben por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



9.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes e demais documentación presentaranse de xeito obrigatorio nos modelos normalizados establecidos a tal efecto. Ditos modelos facilitaranse na Concellería de Política Social, no Rexistro Xeral, na páxina web www.lalin.gal e na sede electrónica do Concello de Lalín.

NON se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados, sen prexuízo da correspondente notificación ás entidades solicitantes para a perceptiva subsanación de erros ou defectos.

A presentación de solicitudes de subvención ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación do contido íntegro das mesmas.

Xunto coa solicitude (ANEXO I) achegarse a seguinte documentación: (só en caso de que non obre en poder do Concello de Lalín ou a mesma non estea actualizada)

1.- Documentación relativa á persoa solicitante e/ou aos membros da unidade familiar

- a) Fotocopia do DNI ou NIE do/a solicitante e de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos.
- b) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas datas de nacemento
- c) Declaración do IRPF do exercicio 2018, no suposto de facela, correspondentes a cada un dos membros da unidade de convivencia (poderá ser solicitada polo Concello de Lalín, previa autorización da/s persoa/s interesada/s: ANEXO IV)
- d) De ser o caso, nóminas dos seis meses, inmediatamente anteriores ao da presentación da solicitude, de todos os membros da unidade de convivencia.
- e) De ser o caso, certificado de pensións e prestacións da Seguridade Social, certificado de prestacións do servizo público de emprego estatal, RISGA ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade de convivencia.
- f) En caso de familias que non declaran ingresos e das que non figure información tributaria: extracto bancario dos seis meses, inmediatamente anteriores ao da presentación da solicitude, de todos os membros da unidade de convivencia.
- g) Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou de determinación da garda e custodia de menores así como xustificación documental da reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas ou certificado de monoparentalidade expedido pola Xunta de Galicia.
- h) Certificado de orde de protección en vigor ou sentenza xudicial firme que acredite a condición de vítima de violencia.
- i) Resolución do grao de dependencia.
- j) Certificado do grao de discapacidade ou da resolución de pensión da Seguridade Social ou das clases pasivas.



Martes, 24 de setembro de 2019

Núm. 183

- k) Declaración na que se indique a/s subvención/s solicitada/s, concedida/s ou recibida/s para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado. (ANEXO III)
- l) Declaración responsable de que o/a solicitante non está incurso/a en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia. (ANEXO III)
- m) Declaración de estar ao corrente de obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín (ANEXO III)
- n) Calquera outra documentación requirida polos/as técnicos/as municipais para a tramitación e valoración das solicitudes de subvencións.

2.- Documentación relativa á vivenda obxecto das actuacións subvencionables

- a) Escritura de propiedade da vivenda
- b) Certificado de últimas vontades e, no seu caso, copia do testamento no que se outorgue a propiedade da vivenda

3.- Documentación relativa ás actuacións subvencionables

- a) Orzamento/s da/s obra/s que se prevén realizar. (ANEXO II)
- b) Memoria da/s obra/s que se prevén realizar.

De acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas no caso de que se produza calquera defecto, erro ou ausencia da documentación que debe acompañar á solicitude notificaráselle á entidade solicitante para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días contados dende o seguinte á notificación do requirimento proceda á súa subsanación.

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015 transcorrido o dito prazo sen que a solicitude fose emendada a mesma considerárase desistida previa resolución do Concello de Lalín.

10.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

A instrución do procedemento corresponderalle a un/unha técnico/a da Concellería de Política Social e a un/unha técnico/a da Concellería de Urbanismo, que realizarán de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra en cada expediente individual se desprende que as persoas solicitantes cumpren os requisitos esixidos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:XOF34MUYX9CN9R1X



Martes, 24 de setembro de 2019

Núm. 183

Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

- A Concelleira de Política Social e Urbanismo.
- Técnicos/as da Concellería de Urbanismo.
- Técnicos/as da Concellería de Política Social.
- O Secretario da Corporación, que actuará ao mesmo tempo como secretario da Comisión Avaliadora, ou persoa na que delegue.

A Comisión Avaliadora procederá ao exame e ao estudo das solicitudes de subvención presentadas, conforme aos criterios establecidos na Base 11ª, e elaborará unha acta na que se concrete o resultado de dita valoración.

A Comisión poderá solicitar, motivadamente, os informes que estime necesarios para resolver as peticións. O prazo de emisión do/s mesmo/s será de 10 días hábiles.

A Comisión Avaliadora terá competencia para a interpretación das Bases no caso de que poida xurdir algunha incidencia ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia daquelas interpretacións que no seu caso xurdan ou ben na acta ou ben en informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia á Xunta de Goberno Local a aprobación das mesmas.

A Comisión, unha vez avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria, realizará un informe que deberá expresar:

- Relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

11.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

11.1. Ingresos mensuais ponderados da unidade de convivencia

Ingresos	Puntuación
Entre 0 e 200€	35 puntos
Entre 201 e 400 €	32 puntos
Entre 401 e 600 €	29 puntos
Entre 601 e 800 €	26 puntos
Entre 801 e 1000 €	23 puntos
Entre 1001 e 1200 €	20 puntos
Entre 1200 e 1344'60 €	17 puntos

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:XOF34MUYX9CN9R1X



Martes, 24 de setembro de 2019

Núm. 183

11.2. Número de membros da unidade de convivencia

1 membro	1 punto
2 membros	5 puntos
3 membros	10 puntos
4 membros	15 puntos
5 membros	20 puntos

Ás unidades de convivencia de mais de cinco membros adicionaráselles 2 puntos mais por cada membro a partir do quinto.

11.3. Convivencia na unidade de algún membro vítima de violencia de xénero	3 puntos
--	----------

11.4. Convivencia na unidade de algún membro con grao de dependencia	3 puntos
--	----------

11.5. Convivencia na unidade de algún membro cun grado de discapacidade igual ou superior ao 33%	3 puntos
--	----------

11.6. Condicións da vivenda:

Sen instalación eléctrica ou deficitaria	10 puntos
Sen instalación de auga ou deficitaria	10 puntos
Sen fosa séptica	10 puntos
Sen carto de baño ou deficitario	10 puntos
Cuberta en malas condicións	10 puntos
Inadecuación de espazos	5 puntos
Sen acabamentos interiores	5 puntos

11.7. Problemática Social

1.Familias incluídas no programa de intervención socio-familiar no ámbito dos servizos sociais comunitarios	20 puntos
2.Familias beneficiarias da renda de integración social de Galicia (RISGA) e/ou axuda de inclusión social	20 puntos
3.Familias de intervención social incluídas noutros programas de servizos sociais	20 puntos
4. Familias desestruturadas	20 puntos
5. Familias monoparentais	20 puntos
6. A ausencia de ingresos fixos da unidade familiar	10 puntos
7. Ausencia de outros medios de subsistencia da unidade familiar	10 puntos



Martes, 24 de setembro de 2019

Núm. 183

12.- IMPORTE DA SUBVENCIÓN

O importe máximo da axuda será de **3.000 €** por vivenda, non podendo exceder de esta mesma cantidade a subvención solicitada.

En todo caso dentro do límite dos 3.000€:

As axudas cubrirán o 100 % do custo das actuación/s a aquelas unidades de convivencia con ingresos inferiores ó 150 % do IPREM.

As axudas serán do 90 % do custo da actuación, para aquelas unidades de convivencia con ingresos anuais entre o 150 % do IPREM e o 175 % do IPREM.

As axudas serán do 80 % do custo da actuación, para as unidades de convivencia con ingresos anuais entre o 175% e o 200 % do IPREM.

As axudas serán do 60 % do custo da actuación, para as unidade de convivencia con ingresos anuais entre o 200 % e o 250 % do IPREM.

13.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións, previo informe de Intervención Municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses dende a publicación da convocatoria. A notificación levarase a cabo de acordo ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015.

Sen prexuízo da obriga de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 39/2015, transcorrido o prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

O acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello segundo o establecido no artigo 18.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este acordo é susceptible de recurso conforme ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Concello de Lalín notificará á Axencia Tributaria a relación de beneficiarios/as das axudas reguladas nas presentes Bases e os importes concedidos. Así mesmo relacionaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

14.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada, de acordo co artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:XOF34MUYX9CN9R1X



Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e no artigo 11 da Lei 9/2007, os/as beneficiarios/as das axudas concedidas ao abeiro destas bases quedan obrigados/as a:

1. Realizar a actividade que fundamentou a súa concesión.
2. Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.
3. Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
4. Facilitar toda a información que fose requirida pola Concellería de Política Social e de Urbanismo, intervención municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
5. Permitir e facilitar as posibles actuacións de inspección dos/as técnicos/as do Concello.

15.- CAUSAS DE DENEGACIÓN

- a) Non cumprir cos requisitos recollidos nas presentes bases.

Poderán ser denegadas aquelas solicitudes nas que pese a cumprir cos requisitos establecidos, poidan concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- b) Non estar debidamente xustificada a situación de necesidade, o que deberá de quedar convenientemente acreditado e motivado.
- c) Non ter xustificado a percepción de axudas ou subvencións concedidas en convocatorias anteriores.
- d) A actuación fraudulenta do/a beneficiario/a para obter a subvención.
- e) O incumprimento das obrigas establecidas na base décimo cuarta.
- f) Que para a realización das obras e/ou actuacións solicitadas se requira proxecto técnico conforme á legalidade vixente.
- g) Falta de dotación orzamentaria.

16.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Con carácter xeral, o pagamento realizarase logo da xustificación da efectiva realización da/s actividade/s subvencionable/s.

Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación da subvención.



A xustificación deberá realizarse mediante a presentación da seguinte documentación, preferiblemente, a través do Rexistro Electrónico do Concello de Lalín, no Rexistro Xeral ou ben por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- ANEXO V : Modelo de xustificación
- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo total da/s actuación/s subvencionable/s, detallando as facturas, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran en dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Na conta xustificativa deberán relacionarse facturas por importe, como mínimo, do gasto orzamentado na solicitude de subvención. (ANEXO VI)
- Declaración de axudas solicitadas ou recibidas por parte de outras Administracións e/ou por outras entidades prestadoras de servizos sociais para a mesma finalidade para as que se solicita axuda. (ANEXO V)
- Factura orixinal de realización de obras emitida a nome da persoa usuaria
- Documento de pagamento delegado debidamente cuberto e asinado (ANEXO VII)
- Certificación dos datos bancarios da persoa física ou xurídica que emite a factura.
- Compromiso de pagamento da parte proporcional que corresponda, nos casos de concesións parciais, de forma conxunta cos provedores propostos.(ANEXO VIII)
- Nos casos en que o Concello non asuma o financiamento do 100% do custe da/s obra/s, segundo o estipulado na base décimo segunda, a persoa beneficiaria deberá acreditar, mediante factura e xustificante bancario, o pagamento da parte proporcional do gasto segundo o compromiso asumido de acordo coa base 9.
- Acreditar que as obras están rematadas e se axustan ao estipulado nas presentes bases segundo informe emitido por técnico/s da Concellería de Urbanismo.

Os gastos xustificadas deberán axustarse ao conceptos establecidos no orzamento e non serán admitidos aqueles que non teñan relación directa coa actividade subvencionada.

No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado e do importe da subvención concedida aboarse a totalidade da subvención e para o suposto de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarse a parte proporcional da mesma.

Unha vez xustificadas os gastos non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida

O prazo de presentación de xustificación rematará o día 30 de novembro de 2019.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de dez días para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificadas, aplicando o coeficiente de financiamento.



Martes, 24 de setembro de 2019

Núm. 183

17.- REINTEGRO

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

18.- RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

Os/as beneficiarios/as das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2017, prorrogado para o 2019, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e por último a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Lalín, 17 de setembro de 2019. Documento asinado dixitalmente ao marxe.

Concelleira de Política Social

M^a Paz Pérez Asorey

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:XOF34MUYX9CN9R1X

